



CONCELLO DE MUXÍA

Teléfonos: 981.74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981.742298

Rúa Real nº 35 Código Postal: 15124 (A Coruña)

Web: www.concellomuxia.com



TR350A -Programa Emprega Muller para a contratación por conta allea e a formación das mulleres desempregadas

Obxecto

Axudas para a contratación por conta allea e a formación das mulleres desempregadas.

Características da axuda

Inclúense dous tipos de axuda compatibles:

a) **Bono de contratación.** Subvención á contratación indefinida inicial, á contratación temporal cunha duración inicial mínima de 12 meses, á transformación de contratos temporais en indefinidos.

Contía da axuda: 12.000€ por contrato indefinido e 6.000€ por temporal de 12 meses. Estas contías poden incrementarse un 25% por cada unha destas circunstancias: empresa situada en concello rural, emigrante retornada, maior de 45 anos, empresa de 50 traballadores cun mínimo de 70% de taxa de estabilidade, actividade prioritaria segunda orde de convocatoria. Por transformación de contratos temporais en indefinidos 4.000€.

b) **Bono de formación** (opcional), dirixido ás mulleres contratadas por medio desta orde para levar a cabo accións formativas, agás nos casos de incremento da xornada e transformación de contratos temporais a indefinidos.

Contía da axuda: para contrato indefinido ata 4000€, para contrato de 12 meses ata 2000€.

Persoas beneficiarias

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, que contraten mulleres desempregadas por conta allea, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde. Tamén pode ser beneficiario a persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven con ela como se non. (consultar exclusións na orde)

Prazo

Prazo xeral: 2 meses desde a contratación co límite do 30 de setembro

Para as contratacións subvencionables realizadas entre o 1/10/2019 e a data da publicación desta orde deberán presentarse no prazo de 2 meses contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde

Orde: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200107/AnuncioG0424-031219-0003_gl.html

DOGA: 7 de xaneiro 2020